

TECENDO
REDES
DE IGUALDADE

textos para a
COEDUCACIÓN



textos para a COEDUCACIÓN

Índice

5 Introducción

7 O mito do amor romántico

JONE OJEDA MACÍA

11 Sexismo nos medios de comunicación, lingua e publicidade

MARÍA OBELLEIRO HERMIDA

15 As mulleres no espazo urbano

MARÍA CARREIRO, MÓNICA MESEJO, CÁNDIDO LÓPEZ

19 O sexismo no deporte: unha ollada ás fotografías de actividade físico deportiva

ANA REY CAO

23 Outros xeitos de ser muller e home

CELSO TABOADA LORENZO

29 A situación das mulleres no mercado de traballo.

MARGARIDA CORRAL SÁNCHEZ



Introdución

A AS-PG e a CIG-Ensino somos conscientes da importancia de transmitir unha serie de contidos que poidan incidir na reversión da situación actual con respecto á situación das mulleres. Entendemos que é a nosa responsabilidade concienciar e participar na formación do profesorado e do alumnado para o que é imprescindible profundizar sobre unha serie de aspectos asentados nunha visión pratriarcal que dificultan a consecución da igualdade e, como consecuencia, dunha sociedade máis xusta. Consideramos que o ensino debe desempeñar un papel transformador neste sentido.

Non esquecemos a responsabilidade que a Administración debe asumir á hora de traballar a igualdade nos centros. Existe unha eiva fundamental en canto á formación, materiais e tempos dispoñíbeis para traballar este tema co alumnado.

É o noso deber esixir a implicación da Consellería de Educación de xeito decisivo por tratarse dunha situación na que “nos vai a vida”. Por outra banda, temos tamén a obriga como profesorado de tomar conciencia da importancia que pode ter a nosa acción de forma coordinada e día a día na nosas aulas.

Con esta angueira, editamos esta publicación para que poida ser aproveitada nos centros de ensino. Trátase dunha serie de artigos nos que se reflexiona sobre aspectos como a situación das mulleres no mundo do traballo, outros xeitos de ser home e muller, o sexismo no deporte, as mulleres no espazo urbano, o sexismo e os medios

de comunicación ou o mito do “amor romántico” e a súa relación coa violencia de xénero. Queremos contribuír desta maneira no espallamento de reflexións entre o profesorado e o alumnado que faciliten o traballo da coeducación.



O mito do amor romántico

Jone Ojeda Macía

PSICÓLOGA CLÍNICA

O amor volcado nas relacións de parella, é un dos motores da vida das persoas, e unha das preocupacións do día a día das mesmas. A satisfacción na parella xenera estabilidade nos individuos, esta estabilidade está relacionada, tal como atoparon Greeff e De Bruyne (2000), en (Gómez, 2011), cos intereses compartidos, o apoio emocional e con como as parellas afrontan os conflitos.

O amor non deixa de ser unha construción cultural que evolucionou ao longo da historia, adaptándose ás necesidades de cada tempo. Tal como o entendemos dende o século XIX, xorde como conexión entre conceptos de amor romántico, matrimonio e sexualidade (Bosch, 2007) que ineludiblemente teñen que ir unidos.

O mito do amor romántico ten a súa fundamentación noutro mito: Andrógino situado en *El Banquete* de Platón. Nel afírmase nos como seres duais que podían ter características de ambos sexos: home-home, muller-muller, home-muller, tentaron invadir o Monte Olimpo, ante o que Zeus para manifestar a ira dos Deuses, lanzou un raio dividindo a cada ser en dúas metades e castigándoos eternamente a buscar a outra metade perdida (Pascual, 2016). Atopamos aquí un dos piares fundamentais que sustentan a filosofía do amor romántico: a media laranxa.

Pero o mito da media laranxa non é o único piar no que se fundamenta esta concepción do amor. Atopamos diferentes ideas que aínda que non se corresponden coa realidade, sustentan a ideoloxía social na que vivimos con respecto a este tema, obtendo unha gran resistencia ao cambio polas innumerables ocasións que en diferentes medios: películas, series, debuxos animados, xogos, cancións, revistas, libros... reproducen unha e outra vez unha concepción do amor pouco axustada á realidade.

Así, sinalamos mitos que podemos dividir en diferentes grupos (Andalucía, 2014, Instituto Andaluz de la Mujer de la Junta de Andalucía), como son os seguintes:

O amor pódeo todo

- Falacia do cambio por amor.
- Mito da omnipotencia do amor.
- Normalización do conflito.
- Crenza en que os polos opostos atráense e enténdense mellor.
- Mito da compatibilidade do amor e o maltrato.
- Crenza en que o amor “verdadeiro” perdóao/aguenta todo.

O amor verdadeiro predestinado

- Mito da “media laranxa”
- Mito da complementariedade
- Razonamento emocional
- Crenza en que só hai un amor “verdadeiro” na vida
- Mito da perdurabilidade, paixón eterna ou equivalencia

O amor é o máis importante e require entrega total

- Falacia do emparellamento e conversión do amor de parella no centro a referencia da existencia.
- Atribución da capacidade de dar a felicidade.
- Falacia da entrega total.
- Crenza de entender o amor como despersonalización.
- Crenza en que se se ama debe renunciarse á intimidade.

O amor é posesión e exclusividade

- Mito do matrimonio.
- Mito dos celos.
- Mito sexista da felicidade e exclusividade.

Estas crenzas, que non deixan de ser irracionais, constitúen unha base importante da violencia exercida polos homes e recibida polas mulleres nas relacións de parella. Ao perpetuar os roles masculinos e femininos (Simón, 2009) con cuestións como:

- A atribución aos homes de toma de decisións, o dominio (Rodríguez, 2006), a liberdade sexual, a independencia, o poder, a maior pertenza á esfera pública (Pascual, 2016) e a idea do atractivo do mozo malo (agresivo, seguro, audaz, con imposición dos seus puntos de vista...) (Vázquez, 2016).
- A capacidade das mulleres de crear e manter vínculos emocionais, coidados, apego, de ser responsables do éxito ou fracaso das relacións (Romero, 2004), o pertencer ao ámbito do privado, gozar de maior inestabilidade (Pascual, 2016) e dotar o seu atractivo no seu físico (Vázquez, 2016).

Así, moitas mulleres, tal como albisca Herrera (Herrera, 2012), viven inmersas nunha idea de abnegación e entrega nas relacións de parella, nas que se teñen que sacrificar para non fracasar no seu cometido de crear un vínculo estable e bonito. Consideran que o amor vai ter a capacidade de superar calquera dificultade, incluso a violencia exercida en moitos ámbitos, en ocasións considerada como unha mostra de amor: “está celoso porque me quere”, “contrólame porque non quere que me pase nada”.... Mentres, os homes máis tradicionais, consideran que a súa parella é da súa propiedade e deben asumir calquera acción, que leve a non perder o que lles pertence para salvagardar o seu honor, tendo poucas ferramentas para superar un abandono, e utilizando, como unha estratexia válida a violencia, en moitas ocasións.

Bibliografía

Andalucía, I. A. (2014). *Detecta, Sexismo y violencia de género en la juventud*. Sevilla: Instituto Andaluz de la Mujer de la Junta de Andalucía.

- Bosch, E. F. (2007). *Del mito del amor romántico a la violencia contra las mujeres en la pareja*. Madrid: Instituto de la Mujer.
- Gómez, E. (2011). Distorsiones cognitivas como factor de riesgo en la insatisfacción marital. *Tesis de Maestría en Psicología*. Medellín: Universidad de San Buenaventura.
- Herrera, C. (2012). *Pikaramagazine.com*. Obtenido de <http://www.pikaramagazine.com/2012/11/la-violencia-de-genero-y-el-amor-romanticocoral-herrera-gomez-expone-que-el-romanticismo-es-el-mecanismo-cultural-mas-potentente-para-perpetuar-el-patriarcado/>
- Pascual, A. (2016). Sobre el mito del amor romántico. Amores cinematográficos y educación. DEDiCA. *Revista de Educação e humanidades*, 63-78.
- Rodríguez, V. S. (2006). *Creencia de los adolescentes sobre violencia de género y relaciones de pareja*. Potularia, 189-204.
- Romero, M. (2004). Desvelar la violencia: una intervención para la prevención y el cambio. *Papeles del Psicólogo*, 19-25.
- Simón, N. (2009). V Congreso Estatal Isonomía sobre Igualdad entre mujeres y hombres. *Del mito del amor romántico a la construcción de relaciones amorosas entre iguales: una mirada feminista*.
- Vázquez, N. y. (2016). *Manual para prevenir la violencia de género en los centros escolares (País Vasco)*. Bilbao: Departamento de Educación, Política Lingüística y Cultura. Gobierno Vasco.



Sexismo nos medios de comunicación, lingua e publicidade

María Obelleiro Hermida

DIRECTORA DO SEMANARIO *SERMOS GALIZA*

Introdución

Os medios de comunicación e a publicidade desenvolven un papel de integración de roles, valores, normas e símbolos. Son considerados un importante instrumento para a socialización e a transmisión de valores. Deste modo, xogan un papel fundamental á hora de transmitir unha imaxe feminina non estereotipada, e de seren motores de cambio cara a unha sociedade sen discriminación de xénero.

Como estamos representadas?

A representación das mulleres e os homes nos medios de comunicación e na publicidade son asimétricas. Así, tanto un ámbito como o outro actúan espellos da desigualdade real. O corpo da muller aparece, basicamente, para o pracer e a compracencia masculina. Por outra banda, existe unha sobre representación das mulleres como coidadoras e servidas, en papeis secundarios, dependentes e desvalorizados socialmente, de maneira que se fixan os modelos de femiñidade que non rompan coa tradición patriarcal do mito da servidume e a abnegación; aparecen en posicións de menos prestixio e poder e adoitan destacarse dimensións de tipo persoal: rol familiar, aspecto,

vestimenta...; aparecen vinculadas ao divertimento, ao mundo da cultura ou aspectos de intervención e compromiso social.

Os roles que os medios e a publicidade aínda hoxe perpetúan fíxanse no imaxinario das nosas nenas e condúcenas cara a relacións de dependencia e submisión. Que nos medios e na publicidade aparezan máis mulleres en papeis tradicionais, secundarios e desvalorizados non só non axuda a combater a violencia de xénero, senón que fomenta e fortalece determinados comportamentos masculinos baseados na ideoloxía da supremacía dos homes. Ademais, seguen a proliferar, hoxe en día, os anuncios por palabras que alentan o consumo de prostitución.

Por outra banda, a respecto dos medios de comunicación, a gran maioría das fontes expertas consultadas son masculinas. As opinións ou puntos de vista femininos, tal como recollen múltiples investigacións, apenas se teñen en conta.

A violencia machista nos medios de comunicación

A sociedade deu un paso de xigante ao coñecerse a violencia de xénero. O grave problema social e político da violencia machista non foi de dominio público no Estado español até 1997, ano en que os medios de comunicación abrían os informativos e as primeiras páxinas dos xornais coa noticia de que José Parejo, un home xubilado que vivía en Cúllar-Veiga (Granada), asasinara a súa esposa, Ana Orantes. Trece días antes, Orantes atrevérase a contar nun *reality show* da televisión andaluza os malos tratos que sufría.

A sociedade patriarcal, baseada no dominio dos varóns sobre as mulleres, non cría conveniente que a violencia machista traspasase os límites do fogar. Foron as organizacións de mulleres quen obrigaron a poñela na axenda mediática e as institucións políticas quen lexislaron sobre ela. Os medios xogaron un papel destacado, así mesmo, como elemento de presión dos poderes públicos. Activaron a adopción por parte das institucións de sucesivas medidas políticas e legais para tentar atallar o problema.

A Lei Integral de Violencia de Xénero respecto aos medios de comunicación, recolle no artigo 14 que “fomentarán a protección e sal-

vagarda da igualdade entre home e muller, evitando a discriminación entre eles". O ordenamento xurídico non só atribúe aos medios de comunicación e ás e aos xornalistas unha función informativa, senón que, ademais, teñen o deber de contribuír a erradicala e a responsabilidade de concienciar a sociedade.

Neste contexto, a información debe ser imparcial pero o xornalismo non pode ser neutral fronte á violencia de xénero –que se manifesta non só nos asasinatos machistas, senón tamén nos abusos e agresións sexuais, no acoso laboral, na prostitución...– do mesmo xeito que non o é fronte a outros problemas que afectan aos dereitos humanos.

Eivas no tratamento da violencia machista nos medios de comunicación

Non poderemos comprender o fenómeno da violencia contra as mulleres nin a súa representación mediática se non coñecemos a dinámica da relación entre sexos e a discriminación que, de partida, padecen todas as mulleres.

En xeral, as rutinas periodísticas insisten en perpetuar unha representación acrítica e ahistórica e realizan unha reprodución ideolóxica do crime pasional mediante unha retórica da ocultación que invisibiliza a violencia que padecen as mulleres por pertenceren ao sexo feminino.

As mulleres agredidas adoitan representarse como seres pasivos; as agresións son consecuencia da paixón amorosa e a mención de veleidades na muller agredida inclúe unha valoración sexista.

É frecuente, así mesmo, a culpabilización das mulleres agredidas, destacando delas cuestións tales como a súa beleza, as infidelidades amorosas, o feito de que tiveran "bastante éxito cos homes"...

A investigación segue mostrando que os medios de comunicación –que evitan a palabra "asasino"– discriminan positivamente o masculino e mesmo buscan xustificacións ou motivos cando a causa da violencia de xénero é o control e o dominio que determinados homes exercen contra as mulleres.

Bibliografía

Bengoechea, Mercedes (Ed.), *Perspectiva de género en la comunicación e imagen de la mujer*, Emakunde, Vitoria, 2004.

Lakoff, C., *Guía de lenguaje no sexista en la comunicación. Dime cómo hablas... y te diré cómo piensas*, Federación de Mujeres Progresistas, Madrid, 2002.

López Díez, Pilar. *Protocolo de actuación periodística y publicitaria sobre igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres y tratamiento informativo de la violencia de género*. Santander: Unidad de Igualdad de Género del Gobierno de Cantabria, 2007.

Martin Jiménez (coord.), Etura Hernández, (coord.). *La comunicación en clave de igualdad de género*, Fragua, Madrid, 2016



As mulleres no espazo urbano

María Carreiro, Mónica Mesejo, Cándido López

DOCENTES UDC

Tradicionalmente o lugar das mulleres viña sendo o espazo privado, non o público. Aínda que as mulleres andaban polo espazo público, parecían estar de prestado. E aínda que xa no ano 1998, algunhas mulleres americanas e inglesas falaron deste tema no libro *La vida de las mujeres en la ciudad: la ciudad, un espacio para el cambio*, é agora cando este tema resulta de actualidade e interese na nosa contorna.

Pero, que vén sendo o espazo urbano? De xeito moi sinxelo definiríámolo como o espazo da cidade que non está ocupado polas edificacións. Do proxecto e construción dese baleiro no que nos movemos, e no que “estamos”, ocúpase o urbanismo, unha ciencia na que sea están a introducir novas variables: a accesibilidade, a sostiabilidade, e a perspectiva de xénero, as cales representan un cambio enfoque do proxecto do espazo libre e, polo tanto, da cidade.

O deseño do espazo urbano, o trazado das rúas, a súa toponimia, a localización dos equipamentos, a disposición das vivendas, o percorrido do transporte público, os movementos dos coches privados, o mobiliario urbano, en suma, todo aquilo que afecta ao espazo público, forma parte do ámbito do urbanismo.

A perspectiva de xénero representa a quebra dos roles preasignados. Parte da premisa de que sexo e xénero non son conceptos equivalentes. O sexo é un concepto biolóxico, mentres que o xénero é unha construción cultural: identifica os roles que culturalmente se lle asignaron a cada sexo. Estes roles establecen que as mulleres desempeñan tarefas reprodutoras: coidan da familia, desempeñan as tarefas domésticas. Saen á rúa ou á praza no rol de coidadoras, para acompañar a alguén (ás persoas maiores, ás crianzas). Estas actividades feitas no ámbito familiar carecen de valor económico (por iso non son un traballo), e de prestixio social. Acotío vense considerando unha cousa menor, “de mulleres”.

Os roles establecen tamén que os homes dedícanse a tarefas produtoras: traballan fóra da casa, no campo, na fábrica ou na oficina. E ademais cando saen á rúa ou á praza pode ser para divertirse, e relaxarse despois da xornada laboral: quedan cos amigos, frecuentan os bares para xogar “a partida” (actividade tal vez en desuso), fan deporte.

Non obstante, homes e mulleres poden realizar, e de feito así o fan, os traballos reprodutivos e os produtivos. Isto significa que simultanean o rol de reprodutores e produtores: homes e mulleres coidan (ou poderían coidar) das súas familias e amizades, e homes e mulleres empregan (ou poderían empregar) o seu tempo en tarefas nas que producen bens materiais, ou coas que prestan servizos. E as mulleres tamén poden quedar coas amigas, poden frecuentar os bares, “xogar a partida”, facer deporte.

Aínda pode dicirse máis: existe unha equivalencia no valor do traballo reprodutivo e produtivo. As tarefas produtivas necesitan das reprodutivas para poderse desenvolver. Non poderíamos ir a traballar se alguén non se ocupase de preparar o xantar, ou de asear a casa, encher o frigorífico, ou coidarnos cando estamos febles. As tarefas reprodutivas teñen a categoría de traballo, algo que a americana Catherine Beecher xa dicía no século XIX.

A perspectiva de xénero aplicada ao urbanismo propón considerar a cidade como un organismo no que habitan, móvense e relaciónanse persoas de idades variadas –considera tódalas etapas da vida do ser humano, desde a infancia á vellez– dedicadas tanto a tarefas

produtivas, como a tarefas non produtivas nun sentido económico, necesitadas de espazos para desenvolver labores que, á súa vez, son necesarias para que esoutra tarefa economicamente produtiva poida desempeñarse. Un espazo na que as mulleres participan e o cal tamén lles pertence.

Para reflexionar sobre perspectiva de xénero e urbanismo, faremos unha análise dun barrio dunha cidade galega, un percorrido a través da Agra do Orzán. Revisaremos as súas condicións urbanas, e os compoñentes do espazo público: os espazos de relación, os espazos de xogo, o mobiliario urbano, o axardinamento, en relación coa actividade das mulleres.

Realizouse unha enquisa informal no barrio sobre tres aspectos que ilustran a relación entre xénero e urbanismo. Unha tarde do mes de setembro, tres estudantes, Flor, Iria e Andrea, preguntaron ás mulleres que transitaban pola rúa Barcelona e a súa contorna acerca dos equipamentos, da mobilidade, e da percepción do barrio.



Os problemas detectados ao percorrer o barrio son ben coñecidos pola veciñanza. Non transcurso do traballo atopámonos cun barrio denso, de rúas estreitas, cunha topografía difícil. A súa melloira non pasa por aplicar solucións estándares. Non se resolven cun aparcadoiro subterráneo baixo o seu único baleiro urbano. Requiren

Pero tamén percibimos que é un barrio cheo de potencialidade. Medrou cun senso de “aproveitamento” do solo. Case quedou sen respiro. E neste intre, sen coches, a rúa Barcelona, no cumio do barrio e cunha traza case horizontal, coas súas plantas baixas ocupadas polos comercios, dos de sempre, constituíuse nun lugar, o lugar do barrio. É unha auténtica ágora. Concluimos, porén, que esta é a mostra dunha planificación urbanística que, entre outras eivas, non está pensada desde unha perspectiva de xénero.



O sexismo no deporte: unha ollada ás fotografías de actividade físico deportiva

Ana Rey Cao

DOCENTE UNIVERSIDADE DE VIGO

*O xénero nos ollos*¹ é un material didáctico que utiliza fotografías coa finalidade de desenvolver a alfabetización visual crítica con respecto aos estereotipos de xénero vencellados ao corpo e as expresións motrices. Está dispoñíbel en aberto en lingua galega e castelá na web <http://xeneronosollos.webs.uvigo.gal/>

O predominio da masculinidade no campo do deporte e a educación física (Brown, 2005; Devís, Fuentes & Sparkes, 2005; Táboas-Pais & Rey-Cao, 2012; Vidiella, Herraiz, Hernández & Sancho, 2010) fai recomendábel unha intervención docente con perspectiva de xénero para “deconstruír” as continuas deturpacións derivadas da masculinidade hexemónica.

O contacto con fotografías vencelladas ao corpo e actividade físico-deportiva é moito máis frecuente do que son eses contidos en formato escrito. Como a alfabetización visual está menos desenvolvida, filtramos moito menos as fotografías que os textos e asimilamos que son un reflexo obxectivo da realidade. Deste xeito constitúense

1 O material ten sido galardoado co *Premio de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero da Universidade de Vigo «Antonia Ferrín Moreiras»* na súa IV edición..

en atractivos modelos de identificación baseados na fascinación en lugar da argumentación (Medrano, 2005).

O xénero nos ollos consta dunha guía didáctica para o profesorado que incorpora nove actividades que abordan nos seus contidos oito estereotipos de xénero. Estas crenzas e prescricións sobre as mulleres e os homes vencéllanse coa feminidade e a masculinidade hexemónicas e poden condicionar ou limitar o libre desenvolvemento persoal.

Actividade	Estereotipo
1. Quen aparece?	O deporte é máis propio dos homes.
2. Quen ten protagonismo?	Os homes son dinámicos e líderes. As mulleres son pasivas e subalternas.
3. Quen fai deporte colectivo?	Os homes son atléticos e agresivos.
4. Quen é fráxil? Quen é forte?	As mulleres son estéticas e fráxiles.
5. Quen gaña medallas?	Os homes son competitivos e poden ser a elite. As mulleres son pouco competitivas e domésticas.
6. Quen está ao aire libre?	Os homes son seres públicos e de entornas exteriores. As mulleres son seres privados e de entornas interiores.
7. Que corpo é forte? Que corpo é delicado?	Os homes son fortes. As mulleres son delicadas.
8. Quen parece máis vulnerable?	Os homes son poderosos. As mulleres son fráxiles.
9. Que transmite cada plano?	Os homes son dinámicos e activos. As mulleres son obxecto de sedución e pasivas.

O desenvolvemento será presencial e coordinado polo profesorado. O profesorado preparárase² para a dinamización mediante a lectura da guía didáctica e os contidos e actividades da web. A duración estimada da actividade é de dúas xornadas de unha hora (recomén-

2 Recoméndase o visionado do documento de Lizarazo Arias, Diego (2017, junio 11). *Judith Butler: la persistencia del cuerpo*. En "Interferencias. Irrupciones al sentido común". Canal 22. [Archivo de video]. Recuperado de https://www.youtube.com/watch?v=SYXWRuSd_6Y

ACTIVIDADE 7. 1. Selecciona o adxectivo «forte» ou «delicado» segundo consideres que é o corpo representado.

2. Cando remates a primeira parte do exercicio, identifica:

- as mulleres cun triángulo invertido,
- os homes cun cadrado.

Emprega o rato para arrastrar estas figuras ata o cadrado situado á dereita das imaxes.

Desfacer

Restabelecer

Preme aquí cando remates.

dase un máximo de tres xornadas). Tras a realización de cada actividade (ou cada dúas, no caso da 1-2 e 3-4) o alumnado discute sobre o estereotipo de xénero detectado coa orientación do profesorado e dos textos que figuran nos epígrafes “A reflexión”. O profesorado pode apoiarse nos datos empíricos que aparecen nos epígrafes “O dato”. Proceden da investigación sobre libros de texto e serven de exemplificación do imaxinario social.

Bibliografía

- Brown, David (2006): Pierre Bourdieu’s “Masculine Domination” Thesis and the Gendered Body in Sport and Physical Culture, *Sociology of Sport Journal*, 23(2), 162-188.
- Devís, José; Fuentes, Jorge, & Sparkes, Andrew C. (2005): “¿Qué permanece oculto del currículo oculto? Las identidades de género y sexualidad en la educación física”, *Revista Iberoamericana de Educación*, 39, 73-90.
- Medrano, M^a. C. (2005). ¿Se puede favorecer el aprendizaje de valores a través de las narraciones televisivas? *Revista de Educación*, 338, 245-270.
- Táboas-Pais, M^a.I., & Rey-Cao, A. (2012): “Gender Differences in Physical Education Textbooks in Spain: A Content Analysis of Photographs”, *Sex Roles*, 67, 389-402. doi: 10.1007/s11199-012-0174-y
- Vidiella, Judit; Herraiz, Fernando; Hernández, Fernando, & Sancho, Juana M. (2010): “Masculinidad hegemónica, deporte y actividad física”, *Movimiento*, 16, 93-115.



Outros xeitos de ser muller e home

Celso Taboada Lorenzo

AXENTE DE IGUALDADE

Os diferentes axentes de socialización: familia, a escola, grupos de iguais, medios de comunicación (publicidade, televisión, cine, internet, redes sociais,...) ensinan, promocionan e perpetúan un sistema heteronormativo, baseado en modelos estandarizados do que se espera do que teñen que ser e parecer os homes e do que se espera das mulleres.

Para Kate Millet no ámbito privado –que tradicionalmente se consideraba alleo á política– desenvólvense as relacións de poder que están na base do resto das estruturas de dominación.

O patriarcado é un sistema de dominación sexual. É considerado como o sistema básico de dominación sobre o que se levanta outro tipo de dominacións, como son a de clase e raza. O patriarcado é o fundamento da dominación das mulleres polos homes. Así mesmo, afirma que non soamente é da nosa sociedade, senón de todas as civilizacións que se sucederon ao longo da historia.

O patriarcado ten unha enorme capacidade para adaptarse a calquera sistema económico, político e cultural. O patriarcado para permanecer durante tanto tempo apoiouse no feito de que todos os homes e non só unha elite, reciben beneficios económicos, sexuais e psicolóxicos do sistema patriarcal, pero en xeral acentuaban a di-

mención psicolóxica da opresión. Ademais Millet afirma que o patriarcado, no seu sentido radical, subordina de igual forma ao home.

Dende que nace tratamos de fomentar uns comportamentos e reprimir outros, ao tempo que se lle transmiten certas conviccións do que significa “ser muller ou home”.

Neste modelo patriarcal e machista, o masculino hexemónico é representado mediante o exercicio da violencia e do uso do poder sobre todo aquilo que escapa a este modelo universal. Todas as mulleres, somente polo feito de ser mulleres, e aqueles homes que non se senten representados nin cómodos neste modelo, sofren diferentes procesos de discriminación e violencia durante toda a súa vida.

Pero podemos rachar con esta situación? Podemos rematar co Patriarcado? Temos na escola coeducadora ferramentas para rachar coa discriminación e coas violencias por razón do xénero? Podemos convivir en paz nunha sociedade realmente igualitaria e diversa?

Estudos realizados entre estudantes de ESO e Bacharelato vemos como os esteretipos machistas se reproducen entre os mais xoves:

O 80% considera que “ELA” debe satisfacer as necesidades de “EL” na parella; O 60% ve con normalidade os celos; O 30% cree que a moza se “REALIZA” cando ten mozo.

Onde a agresividade produce estragos é nas relacións sexuais, con actos que van desde o coito non desexado até a violación. Cando unha persoa é obrigada a realizar actos que non desexa, está sometida a violencia.

Expresións tales como “ti buscáchelo”, “a que viñas se non”, para xustificar condutas violentas deben ser radicalmente rexeitadas. O tipo máis frecuente de agresión sexual entre noivos é a chamada violación por confianza, que sucede cando as novas ou adolescentes son presionadas a ter actividade sexual, aínda que exista, de inicio, un certo consentimento por parte das mesmas.

Como dicir que me violaron, se até eu paguei o hotel e acudín voluntariamente á cita?

Como dicir que sufrín violencia sexual se eu propúxenlle ter relacións sexuais?, pero de súpeto el empezoume a facer cousas horribles, quixen detelo pero non puiden.

Unha parte importante das violación entre adolescentes prodúcese en relacións de confianza. É esencial non aceptar ou normalizar este tipo de violencia sexual disfrazada de “así son as cousas” ou “ti tes a culpa”.

É certo que levamos séculos de romanticismo patriarcal enriba, que nos educaron para amar en base a relacións amo/escrava, que nos sublimamos ao sacrificio e a entrega por amor, que nos ensinaron a relacionarnos desde a necesidade, non desde a liberdade

Somos responsables das decisións que tomamos, debemos tomar conciencia e abandonar o pracer do sufrimento. Xa non podemos seguir xustificando os nosos actos en base á loucura romántica; falsas promesas que nos converten en seres insatisfeitos e vulnerables...

Os homes aprendemos a ser homes e como teñen que ser os homes, como consecuencia do influxo dunha serie de mediacións subxectivas e culturais (entre outras, a orixe sexual, a linguaxe, a familia, a clase social, a instrución escolar, o grupo de iguais, as ideoloxías, os estilos de vida, as crenzas, a época histórica, o lugar de procedencia, as mensaxes dos MassMedia, ...) que inflúen na construción das nosa identidades

A decepción parece consustancial aos amores posmodernos, porque non queremos á xente tal e como é, porque tampouco somos aceptadas tal e como somos. Os nosos modelos de referencia son príncipes e princesas Disney, a parella estraña de Barbie e Ken, as parellas de cantantes e futbolistas, as parellas do cinema de Hollywood. Comparados con Brad Pitt, o resto dos homes somos unha calamidade; o mesmo sucede coa frustración que nos xera non ser guapas, ricas, novas, sas e talentosas.

Sabemos que as e os menores e mozas/os están sometidos/as a unha constante visión e repetición de situacións de violencia de baixa intensidade nos fogares, na escola, na parella, na televisión, internet, grupos de iguais, etc.

A hipersexualización e erotización das nenas é un novo patrón de exaltación da sexualidade, presentadas nos medios como miniadultas, sexualmente excitantes, con preocupacións e intereses sobre manicura, tallas e peso, bolsos, tacóns e maquillaxe.

Este universo social simbólico envía ás mozas unha imaxe devallada das súas conxéneres que só poden eludir ocupando posicións masculinas ou desenvolvendo as habilidades e os emblemas que posúen os mozos. Ademais, este proceso de construción da identidade esíxelles ás mozas, para individualizarse no grupo das idénticas, reforzar ou crear diferenzas entre elas.

Saír deste perverso círculo esixe reeducar ás e os menores de novos, de-construír os modelos aprendidos de masculinidade, de feminidade, de amor, e de sexualidade, mostrándolles que existen tantas identidades diferentes como persoas e que hai amor sen hostilidade, pois non é certo que o amor todo o poida ou todo o permita.

Estes datos e comentarios desvelan a importancia de traballar desde as etapas iniciais principalmente no sistema educativo detectando as formas sutís de violencia e de violencia de xénero.

O camiño cara á igualdade de xénero é longo e sinuoso, pero sabemos que é o único que nos permitirá avanzar cara á xustiza social e logrará erradicar das novas xeracións as vítimas e os verdugos

Para poder sufrir menos e gozar máis, temos que aprender a despatriarcalizar e a desmitificar os modelos de amor romántico, inventarnos outros contos con outras mensaxes, e construír outras formas de querernos.

Bibliografía

- Alsina, C. e Borrás, L. (2000). Masculinidad y violencia. En M. Segarra e A. Carabí (eds.) *Nuevas Masculinidades*, 83-101. Barcelona: Icaria editorial.
- Badinger, E. (1992). *XY, la identidad masculina*. Madrid: Alianza.
- Barragán, F. (coord.) (2006). *Violencia, género y cambios sociales. Un programa educativo que [SÍ] promueve nuevas relaciones de género*. Archidona (Málaga): Ediciones Aljibe.
- Beauvoir, S. (1987). *El segundo sexo I. Los hechos y los mitos*. Buenos Aires: Ediciones Siglo Veinte.
- Bonino, L. (s.d.). *Micromachismos: El poder masculino en la pareja moderna*. Recuperado de <http://vocesdehombres.files.wordpress.com/2008/07/micromachismos-elpoder-masculino-en-la-pareja-moderna.pdf>

- Butler, J. (2006). *Deshacer el género*. Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica.
- Connell, R.W. (2005a). Hegemonic masculinity: rethinking the concept. *Gender & Society* 19(6):829-859.
- Connell, R.W. (2005b). *Masculinities* 2nd. Berkeley (Los Angeles): University of California Press.
- Galdo, J.M. (2011). Modelización masculina. En M.J. Méndez Lois e M.J. Payo Negro (Coords.). *Respostas socioeducativas para a igualdade na escola*. 121-132. Santiago de Compostela: Servizo de publicacións e intercambio científico USC.
- Guasch, O. (2006). *Héroes, científicos, heterosexuales y gays*. Barcelona: Edicions Bellaterra S.L.
- Halmerstam, J. (2008). *Masculinidad femenina*. Barcelona: Editorial Egales, S.L.
- Jung, G. (1970). *Arquetipos e inconsciente colectivo*. Barcelona: Editorial Paidós.
- Méndez Lois, M. J. e Taboada Lorenzo, C. (Coords.) (2012). *Igualdade de trato: retos e respostas socioeducativas*. Santiago de Compostela: Servizo de publicacións e intercambio científico USC.
- Miguel de Luken, V. (2015) *Macroencuesta de Violencia contra la Mujer 2015*. Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad. Centro de Publicaciones. 978-84-7670-731-9
- Millet, K. (2010). *Política sexual*. Cátedra
- Sambade, I. (2008). Medios de Comunicación, Democracia y Subjetividad masculina. En A. Puleo (coord.) *El reto de la igualdad de género*, 344-360. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Sambade, I. (2010). La pragmática masculina del control: del gobierno de sí mismo hacia la violencia contra las mujeres. En *Nomadías*, 42-68.
- Sambade, I. (2011a). La construcción social del cuerpo masculino: género, salud y conducta antisocial. En *Congreso Iberoamericano de masculinidades y equidad. Actas*. Barcelona: Generalitat de Catalunya, Barcelona, Recuperado de http://www.cime2011.org/home/panel5/cime2011_P5_IvanSambade.pdf
- Sambade, I. (2011b). Honor, Control y Violencia: Una mirada sobre la socialización patriarcal de los varones occidentales. En *Clepsydra*, 149- 166.
- Taboada, C. e Payo, M.J. (2012). Nenos educados... Homes de coidado: Reflexións sobre aspectos da educación en igualdade dos pais do futuro.

En M.J. Méndez Lois e C. Taboada Lorenzo (Coords.). *Igualdade de trato: retos e respostas socioeducativas*. 149-185. Santiago de Compostela: Servizo de publicacións e intercambio científico USC.



A situación das mulleres no mercado de traballo

Margarida Corral Sánchez

SECRETARÍA CONFEDERAL DAS MULLERES DA CIG

Para abordar a situación singular que teñen as mulleres no mercado de traballo en Galiza é preciso analizala no marco da sociedade patriarcal, tendo en conta que o patriarcado é un sistema de relacións sociais instaurado polos homes, oprimindo ás mulleres, apropiándose da súa forza produtiva e reprodutiva, dos seus corpos e os seus produtos, xa sexa con medios pacíficos ou mediante o uso da violencia. Un sistema que favoreceu o acceso dos homes aos órganos de poder de decisión, e estes, á vez, para manterse no poder, mantiveron e desenvolveron até a actualidade ditas prácticas en todos os países do mundo.

Nas sociedades patriarcais atribúese a homes e mulleres papeis distintos, en función do seu sexo ou identidade de xénero. O “feminino” e o “masculino” non son feitos naturais ou biolóxicos, senón construcións culturais. Falamos de funcións, de tarefas a realizar, de responsabilidades que asumir e todo iso chega incluso a determinar que mulleres e homes non teñan as mesmas oportunidades de exercer os dereitos que lles corresponden polo mero feito de ser cidadáns e cidadás.

Ao longo do noso proceso de socialización, aprendemos e poñemos en práctica unha serie de comportamentos aceptados como

femininos e masculinos, que van ser considerados como apropiados ou non, favorecendo a nosa inserción como membros á sociedade á que pertencemos, ou provocando reaccións adversas (insultos, agresións, acoso, violacións, mesmo asasinatos). Ditos comportamentos denomínanse roles de xénero e están relacionados co reparto de tarefas entre mulleres e homes (ás mulleres asígnanselles roles de coidado e aos homes roles relacionados co ámbito público, co emprego remunerado e a súa participación no poder). O espazo público e o doméstico están directamente relacionados coa realización de tarefas e funcións adxudicadas socialmente a mulleres e a homes.

Así, aínda que os traballos desenvolvidos en ambos lugares son imprescindíbeis, uns adxudicáronse tradicionalmente aos homes (traballo produtivo) e outros ás mulleres (traballo reprodutivo e doméstico), outorgándolles, asemade, diferente valor. A esta división de funcións denomínaselle división sexual do traballo. Un reparto social de tarefas en función do sexo onde as mulleres teñen maior responsabilidade cós homes no coidado e crianza das fillas e fillos e nas ocupacións relacionadas co fogar, e pola contra, os homes dedícanse máis a tarefas extra domésticas que comprenden desde o ámbito económico e político até o relixioso e cultural (é dicir, todas as estruturas de poder), e que vai marcar as discriminacións e desigualdades que sofren no mercado de traballo.

As traballadoras galegas concéntranse principalmente en sectores e profesións tradicionalmente femininas, o cal reforzou a súa **segregación** no mercado laboral. Cobran menos ca un home por facer o mesmo traballo. Nos sectores nos que as mulleres predominamos, os salarios son máis baixos que naqueles nos que son os homes os que teñen unha presenza maioritaria. Teñen máis contratos a tempo parcial cós homes. Moitos deles duran menos de un mes, mesmo unha semana. Teñen máis dificultades para conciliar a vida profesional e a vida privada, o cal prexudica a súa carreira profesional. Está a aumentar o número de mulleres con ingresos inferiores ao SMI e descende o salario medio destas. Teñen máis dificultades para promocionar no traballo (teito de cristal/chan pegañento). Teñen pensións máis cativas cós homes e moitas nin sequera chegarán a ter acceso á contía mínima. Miles de mozas teñen que emigrar para

evitar o desemprego ou para non teren que incorporarse aos traballos non cualificados, temporais e mal pagos que se lles ofrecen. Son moitos os traballos precarios que seguen a realizar moitas mulleres sen dereitos laborais nin sociais. Asumen de xeito maioritario unha dupla ou tripla xornada dentro e fóra do fogar, pola falta de coresponsabilidade nos coidados. Solicitan excedencias durante anos para coidar as crianzas ou a familiares dependentes. Sofren acoso sexual no traballo, acoso laboral e por razón de sexo e identidade.

Propostas para traballar nas aulas

ROLES DE XÉNERO EN XOGUETES E PROFESIÓNS

- Analizaremos varios catálogos de xoguetes que podemos atopar nas superficies comerciais. Que atopen diferenzas en cores e imaxes, e observen se hai algunha diferenciación en función do xénero da persoa destinataria
- Quen son os ou as protagonistas dos catálogos? Hai algunha diferenza en función de se a persoa que aparece é unha nena ou un neno? Ou as persoas destinatarias son indistintas, e non prevalece un xénero sobre o outro?
- Nos xoguetes relacionados coas profesións considerades que hai algunha diferenciación en función do xénero?
- Que profesións lle gustaría ao alumnado exercer cando sexan persoas adultas? Anotar os resultados na pizarra diferenciando en dúas columnas as respostas en función do xénero. Pedirémoslles que digan se observan algunha diferenza de xénero nas respostas, e valoraremos que profesións están ligadas a papeis tradicionalmente asignados a mulleres ou homes, cales posúen maior prestixio social, etc
- Propoñerlle ao alumnado que recolla dun xornal fotos ou recortes de anuncios relacionados con profesións. A continuación deberán escoller aquela que máis lles guste e a que menos. Cada alumno e cada alumna contarán con dúas profesións, a que máis lles guste e a que menos. Despois preguntarémoslles que profesións escolleron os nenos? E as nenas? Podemos facer os

mesmos traballos? Por que? Que é o que máis lles gusta das profesións escollidas? E o que menos? En que traballa o voso pai? A vosa nai? Coñeces a alguén que leve a cabo algunhas das profesións escollidas? Pensas que hai algunha profesión que non poida facer un home ou unha muller polo feito de selo? Por que teñen salarios diferentes? Reflexionemos sobre os roles de xénero preestabelecidos.

ROLES DE XÉNERO NO TRABALLO REPRODUTIVO

- Poñer na pizarra un cadro onde aparece un reparto de tarefas por parte dun neno e unha nena, e noutro cadro un reparto de tarefas por parte dunha muller e dun home. Debateremos sobre os resultados.
- Tarefas a realizar (cadro infancia): gardar os xoguetes, pasar a aspiradora e fregar o chan, gardar a roupa no armario, ordenar os libros, facer a cama, arranxar un xoguete roto. Hai que riscar nos seguintes apartados: Faino Faia. Faino Roi. Faríalo ti? Quen o fai na túa casa?
- Tarefas a realizar (cadro persoas adultas): mercar comida, pasar a aspiradora e fregar o chan, sacar o lixo, gardar a roupa no armario, pasar o ferro á roupa, facer as camas, colocar cadros, conducir o coche, coser un botón, peitear o pelo. Quen leva o coche ao taller? Quen se ocupa dos animais? Quen vai ao banco? Quen vos leva á consulta médica? Quen desatasca os sumidoiros? Quen vos cura as feridas ou vos atende cando enfermades?
- Hai que riscar nos seguintes apartados: Faino Uxío. Faino Margarida. Quen o fai na túa casa? Poderían facelo tanto el coma ela?

ROLES DE XÉNERO NA LINGUAXE

- Buscar nun dicionario as seguintes palabras: gobernante/gobernanta, paxara/paxaro, fulano/fulana, amo/ama. As palabras son as mesmas. Por que o significado é diferente?
- Analizar o refraneiro popular, buscando acepcións de mulleres e de homes.

- A IMPORTANCIA DE NOMEAR EN MASCULINO E FEMININO

Ler en voz alta esta historia: “Pai e fillo ían nun coche. Cando pasaron por un paso a nivel, o coche apagouse, e foron embestidos por un tren. Camiño do hospital, o pai morreu. O fillo chegou en estado crítico. Ao entrar no quirófano, o ciruxán de garda manifestou que non podía operalo, xa que era o seu fillo”.

Tal e como está redactada, enténdese quen é quen? A quen se invisibiliza?

ROLES DE XÉNERO E ESTEREOTIPOS SEXISTAS NA PUBLICIDADE

- Recortaranse varios anuncios de xornais e unha vez clasificados, asociaremos nun cadro o produto a quen vai destinado, indicando os trazos ou cualidades destacadas no home e na muller, en función de quen vai dirixido. Poñeremos en común os estereotipos de xénero transmitidos, os distintos papeis atribuídos en cada anuncio, etc.

Fontes consultadas

Enciclopedia Internacional de las Mujeres. Cheris Kramarae/Dale Spender (eds). Editorial Síntesis. 2006.

Unidades didácticas dos cursos sobre Igualdade de oportunidades da *Escola Virtual de Igualdade.* Instituto de la Mujer. 2008.

Informe Situación da Muller no mercado de traballo 2017. Departamento de Economía. CIG. (pode descargarse na seguinte ligazón): <http://www.cig.gal/nova/margarida-corrall-as-galegas-sobrannosrazons-para-ir-a-folga-este-8-de-marzo.html>.

Todas polo mesmo patrón. Guía para o traballo en igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade. 2007.

Formar en Igualdade. Guía didáctica para formar en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica. CIG. FORGA. 2007.

Máis información

<http://www.cig.gal/muller.html>

<https://www.facebook.com/cigconfederacionintersindicalgalega/>

<https://twitter.com/galizaCIG>



